

*ACONTECIMENTOS DO ANO*

...



Xaneiro de 1988

Aprobouse nun Pleno unha moción da Alcaldía relativa á posta en funcionamento dunha unidade de Escola Infantil a ubicar nas Escolas Municipais de San Francisco.

Xaneiro de 1988

O Concello aprobou o "Mapa de Riscos Potenciais do Municipio" que recolle a localización e descripción dos riscos ós que está avocado o término municipal.

5 de xaneiro de 1988

Este día tivo lugar a tradicional "Cabalgata de Reis" quenes chegaron á Residencia García Irmáns, de onde saíron para percorre-la cidade. Foi organizada pola Asociación de veciños "Santa María-A Ribeira" en colaboración coa Delegación de Cultura do Concello.

Xaneiro de 1988

Celebrouse no Pabellón Municipal de Deportes o "V Maratón de Ping-Pong Cidade de Betanzos" dentro dos actos do Nadal e Aninovo programados polo Concello e coa organización da Asociación Cultural e Deportiva "Buenos Aires".

Xaneiro de 1988

Dentro dos actos de Nadal e Aninovo, programados polo Concello, celebrouse o "VII Torneo Infantil de Axedrez".

Xaneiro de 1988

O "Festival de Música del siglo XX", calificado de "foro de las últimas tendencias musicales" e celebrado en Bilbao, tivo como participante destacado nos concertos de clausura ó gran compositor betanceiro, Carlos López García.



Xaneiro de 1988

Diversos componentes da Corporación Municipal entre os que estaba o Alcalde da cidade, Don Manuel Lagares Pérez, e a Delegada de Benestar Social, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Asunción Sánchez Vázquez, tiveron no Concello unha xornada de convivencia con persoas da terceira idade, dentro dos actos do Nadal e Aninovo.

8 de xaneiro de 1988

Cerca de 500 traballadores de SIDEGASA manifestáronse en Betanzos para solicita-la reapertura da factoría siderúrxica.

Xaneiro de 1988

O Alcalde da cidade, Don Manuel Lagares Pérez, e o Delegado de Emigración, Don Andrés Beade Dopico, recibiron no Concello ó Director Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas, Don Andrés de Souza Iglesias, co que trataron do fortalecemento das relacións entre o Concello de Betanzos e os emigrantes brigantinos.

Xaneiro de 1988

Reuniuse no Concello o Consello de Acción Rural baixo a presidencia de Don Antonio Lagares Pérez, asistindo o Delegado de Acción Rural, Don José Ramón García Vázquez e os Alcaldes de Barrio. Foron analizados os plans de obras a executar no ano, así como outras necesidades da zona rural.

Xaneiro de 1988

No Pabellón Municipal de Deportes tivo lugar o acto de entrega de trofeos ós equipos gañadores no "Campeonato Infantil de Baloncesto do Nadal", programado dentro dos actos de Nadal e Aninovo. Fixeron a entrega o Tte. de Alcalde e Deputado Provincial, Don Antonio Lagares Pérez e o Delegado de Cultura e Deportes, Don Francisco Díaz Pereira.

Xaneiro de 1988

Coñécese pola prensa que os brigantinos invertiron no ano 1987 140 millóns de pts. en xogos de azar.

Xaneiro de 1988

Baixo a presidencia do Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, reuníuse o Goberno Municipal no Concello, onde se presentaron os proxectos do Plan Provincial de Obras e Servicios.

Xaneiro de 1988

O Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, presentou nun Pleno unha moción relativa á aprobación do plego de bases para o concurso do "Proxecto de execución da Estación Depuradora de Augas Residuais e colectores xerais de Betanzos", cun presuposto de 397.176.000 pts.

20 de xaneiro de 1988

Uns 300 alumnos dos institutos de bacharelato e Formación Profesional de Betanzos realizaron cortes de tráfico na N-VI. Estas mobilizacións enmarcáronse dentro da xornada de folga estudiantil de Ensino Medio convocada en toda Galicia.

21 de xaneiro de 1988

O Concello aprobou os presupostos municipais, que ascenden a 330 millóns de pts.

27 de xaneiro de 1988

Betanzos foi a cidade española seleccionada pola CEE para realizar un estudio sobre nutrición do ancián, enmarcado no proxecto "EURONUT" no que participan todos los países da C.E.E.



1 de febreiro de 1988

O Conselleiro de Cultura e Deportes, Don Alfredo Conde Cid, acompañado do Delegado Provincial,

*Don Alexandre Leis Carlés e outros membros da Consellería, realizaron unha visita a Betanzos. Foron recibidos no Concello polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez e o Delegado de Cultura, Don Francisco Díaz Pereira. Posteriormente recorren diversas obras de rehabilitación de edificios locais, entre os que destaca o Convento de Santo Domingo e o Edificio Arquivo.*

*8 de febreiro de 1988.*

*Comenzou o funcionamento da Escola Infantil Municipal "Cocofantes", ubicada nas Escolas Jesús García Naveira de S. Francisco. A laboura docente está dirixida pola profesora de E.X.B., especialista en educación preescolar, Dona María Yolanda Martínez Otero, e pola puericultora Dona Beatriz Sánchez Méndez.*



*9 de febreiro de 1988*

*Uns 400 traballadores da empresa Sidegasa de Teixeiro-Curtis ocuparon a Casa Consistorial de Betanzos desde as 10 da mañán ata as 7,30 da tarde. Con esta postura este colectivo pretendía que a Corporación Municipal xestionase unha entrevista entre o comité de empresa e o presidente da Xunta de Galicia, Don Fernando González Laxe, logo de que o Goberno central decretase, unha semana antes, o peche da industria. Os traballadores non interrumpiron o traballo dos funcionarios nin provocaron ningún disturbio. Finalmente, ás 6 da tarde, lograron entrevistarse con Don Antonio Lagares Pérez, primeiro Tte. de Alcalde, quen recibiu do comité un escrito que prometeu facer chegar ó presidente da Xunta e ó Conselleiro de Industria.*

*15-16 de febreiro de 1988*

*Dentro dos actos do Antroido, organizados pola Delegación de Festexos do Concello, chamaron a atención estes días a actuación de charangas e comparsas polas rúas, así como a celebración dunha verbena popular con concurso de disfraces (martes 16).*

*Febreiro de 1988*

*Por encargo do Concello un equipo de licenciados en Xeografía e Historia realizou un inventario do patrimonio histórico e artístico, considerado como un dos más ricos de Galicia.*

*Febreiro de 1988*

*O Concello aprobou unha moción da Alcaldía-Presidencia relativa a unha proposta do INEM para impartir en Betanzos 17 cursos de formación, por un importe de 37.982.925 pts.*

*Febreiro de 1988*

*A Dirección Xeral de Xuventude e Deportes da Xunta de Galicia concedeu 3 millóns de pts. para acondicionamento da pista polideportiva do Colexio de EXB "Francisco Vales Villamarín".*

*23 de febreiro de 1988*

*Neste día tivo lugar o enterro en Betanzos de Dona Luisa Crestar Díaz. A cidade non poderá esquenecer a quen foi unha das maiores benefactoras da Biblioteca e do Museo municipais. Ós seus poemas déixannos a súa tristura persoal e máis o agarimo que tiña pola súa terra.*



*Febreiro de 1988*

*O Delegado de Festexos do Concello, Don Manuel Xusto Vázquez Míguez foi nomeado presidente da Comisión de Fiestas de San Roque, según resolución da Alcaldía.*

*Febreiro de 1988*

*O Concello convocou ás entidades locais a unha reunión, presidida polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, para propoñela creación dunha sociedade cultural en Betanzos.*



*Febreiro de 1988*

*O Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, e outros membros da Corporación Municipal, recibiron no Concello ós directores xerais de Transportes de España.*



29 de febreiro de 1988

Inaugurouse na Casa da Xuventude unha mostra de libros infantís e xuvenís. No acto, presidido polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, estivo presente o Delegado Provincial de Cultura, Don Alexandre Leis Carlés, o Delegado de Cultura do Concello, Don Francisco Díaz Pereira, o Delegado de Acción Rural, Don José R. García Vázquez, etc. A mostra, que constaba de 1.555 libros, estaría aberta ata o 5 de marzo e foi organizada polo Ministerio de Cultura, a Consellería de Cultura e Deportes e o Concello de Betanzos.

9 de marzo de 1988

Concése pola prensa que o betanceiro Don Francisco Iglesias gañou, mediante concurso-oposición e por voto unánime, a praza de profesor titular de periodismo (empresa informativa) da Facultade de Ciencias da Información da Universidade Complutense. Ata agora exercía como profesor na Universidade de Navarra. Este betanceiro é autor de varios libros e de medio centenar de traballos sobre temas



periodísticos e empresariais. O seu último libro, aparecido meses antes titúlase "Marketing y gestión de periódicos".



10 de marzo de 1988

A Fundación "Pedro Barrié de la Maza" por medio do director do Banco Pastor en Betanzos, Don Jesús López Montesinos, fixo entrega ó Alcalde da cidade, Don Manuel Lagares Pérez, dun importante lote de libros, con destino á Biblioteca Pública Municipal. O acto asistiu o Delegado de Cultura, Don Francisco Díaz Pereira.



11 de marzo de 1988

Minutos despois das 11,30 da mañán morría na sacristía da súa parroquia, vítima dun infarto de miocardio, o arcipreste de Xanrozo e cura-pároco de Santiago de Betanzos, Don Román Bretal Sieira, poucas horas antes de recibir un homenaxe con motivo de cumplir as súas Bodas de Ouro sacerdotais. Precisamente neste día ía ser obxecto dun homenaxe popular, cunha misa solemne concelebrada por tódolos sacerdotes que colaboraron con el na parroquia. Sería presidida polo bispo de Tarazona, Don

Ramón Rúa, natural da illa de Arousa, que se marchara ó seminario cando Don Román era pároco daquela localidade...

Tamén neste día o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, tiña previsto entregarlle unha placa conmemorativa. Don Román tiña 75 anos e pasara 34 en Betanzos. Os seus restos foron enterrados en San Martín de Oleiros (Ribeira, Pontevedra). Desde o Anuario tamén o temos que lembrar de xeito especial, porque el foi un dos máis importantes benefactores das institucións culturais

17 de marzo de 1988

O Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez chegou a Bos Aires, onde foi recibido polo presidente do Centro "Betanzos", Don Oswaldo Dans Varela, así como por outros membros da xunta directiva da dita entidade e outros galegos en xeral. O Alcalde levaría adiante un intenso programa nesa cidade irmán.

Marzo de 1988

O director do programa cultural de TVE "Equinoccio" entrevistouse co Delegado de Cultura do Concello, Don Francisco Díaz Pereira, para estudar as posibilidades de realización dun programa dedicado ós irmáns García Naveira.

Marzo de 1988

A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Calidade Ambiental da Xunta de Galicia puxo en coñecemento do Concello a concesión dunha axuda económica de 16.833.600 pts. para a redacción dun Plan Especial de Reforma Interior (PERI) do casco histórico-artístico de Betanzos.

Marzo de 1988

O Consello da Xunta de Galicia aprobou unha importante subvención para realizar en Betanzos a estación depuradora e colector xeral.

*Marzo de 1988*

*Foron inaugurados os alumbrados públicos do Farragoto e o da ponte do desvío da carretera N-VI ó seu paso polas Cascas.*

*Marzo de 1988*

*A Policía Local contará cun novo equipo de comunicáns según unha moción do Delegado de Persoal, Seguridade e Servicios, Don Antonio Carro Galeiras, aprobada polo Pleno do Concello.*

*24 de marzo de 1988*

*Na igrexa de Santo Domingo tivo lugar a lectura do Pregón de Semana Santa a cargo do Bispo de Mondoñedo-Ferrol, Don José Gea Escolano. A este acto, organizado pola Coral Polifónica e que contou cunha numerosa afluencia de público, asistiu o Alcalde en funcións, Don Antonio Lagares Pérez e o Delegado de Cultura e Deportes, Don Francisco Díaz Pereira.*



*25 de marzo de 1988*

*O Alcalde en funcións, Don Antonio Lagares Pérez, acompañado do Delegado de Cultura, Don Francisco Díaz Pereira e da Delegada da Área Económica, Dª María José Ortiz Iglesias, fixo entrega na Sala Capitular do Concello, dos premios ós gañadores do concurso de carteis e slogans convocado pola Mostra de Libros Infantís e Xuvenís, celebrada na Casa da Xuventude.*

*28 de marzo de 1988*

*Comenzou o 1º Torneo Interautonómico de Fútbol Base "Cidade de Betanzos" coa participación dos equipos de Masnou, Deportivo, Ural, Montañeros e Brigantium. A expedición de Masnou foi recibida no Pabellón Polideportivo Municipal por membros da Corporación, directivos do Brigantium e comisión organizadora.*

*Abril de 1988*

*O Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, fixo balance da súa viaxe a Arxentina e Venezuela, calificándoa de "moi positiva". Na capital bonaerense mantivo diversas reunións, en particular con membros da Fundación García Irmáns, acerca da venda do campo "Betanzos" de Bos Aires, e, así mesmo, con membros da Fundación "Manuel Naveira". Como resultados inmediatos as arcas do Concello ingresarán uns 70 millóns de pts. pola venda do "Campo Betanzos" de Bos Aires, dos que o 40% recibirían dentro dun ano. Segundo o Alcalde, estes ingresos dedicaránse a importantes obras e inversións.*

*Abril de 1988*

*O Concello de Betanzos informou, a través da Alcaldía, que no desenrollo da unidade de actuación urbanística nº 4, que comprende as Escolas García Irmáns, Asilo e terreos complementarios, buscaranse como obxectivos prioritarios: enlazar a Rúa do Rollo coa Avda. Jesús García Naveira e rehabilita-las Escolas para dedicálas a fins sociais e culturais.*



16 de abril de 1988

Na sala capitular do Concello tivo lugar un acto de recepción ó antigo "Presidente del Consejo Municipal" da cidade e departamento boliviano de "BETANZOS", Don Casimiro Molina Zelaya. Viña acompañado polo seu fillo e nora e foron recibidos polo Alcalde da cidade, Don Manuel Lagares Pérez, demás membros da Corporación e outras personalidades. Intercambiáronse diversos presentes. Cabe resaltar a admiración dos nosos visitantes por este Betanzos que non coñecían, onde, nem bargantes, tiñan amigos que serviron de embaixadores entre as dúas cidades: o sacerdote Don Manuel Ares Faraldo, que pasou moitos anos por terras de Bolivia e Perú e o investigador Don Rafael Seoane, que precisamente publicou no Anuario Brigantino diversas referencias a este Betanzos boliviano.

Abril de 1988

A proposta do Delegado de Acción Rural, Don Ramón García Vázquez, a Comisión de Goberno aprobou a realización de sustanciais melloras na rede de alumbrado público dos núcleos rurais.

Abril de 1988

A proposta do Delegado de Cultura e Deportes, Don Francisco Díaz Pereira, foi aprobada no Concello a Campaña de Educación Medioambiental que organiza o Servicio Municipal de Deportes e que inclúe, entre outras, saídas a Buño-Verdes, A Frouxeira (Valdoviño), Ría de Betanzos, Baldaio, Ancares, etc. e que no decorrer do ano tería moito éxito entre os rapaces de Betanzos.

Maio de 1988

A partir deste mes, a Policía Local asume unha nova función, ó facerse cargo de levanta-los atestados dos accidentes que teñan lugar no térmico municipal.

Maio de 1988

O Alcalde da cidade, Don Manuel Lagares Pérez, entrevistouse co Conselleiro de Traballo, Don Miguel Martínez Losada e os directores xerais de Servicios Sociais e Acción Social, con obxecto de levar adiante diversos proxectos coma o servicio a domicilio e a instalación dun centro social e outro ocupacional de minusválidos.

*Maio de 1988*

A Policia Local impartio o 2º Curso de Educación Vial nos colexios de EXB "Vales Villamarín", Instituto Pedagóxico "Nuestra Señora del Sagrado Corazón" e Colexio Nuestra Señora del Carmen (Atocha).

*3 de maio de 1988*

O Pleno da Corporación Municipal aprobou as bases que rexirán o concurso de ideas para a ordenación da unidade de actuación urbanística nº 4, que se refire ós terreos nos que se asentan as antigas Escolas e Asilo García Naveira.



*Maio de 1988*

Baixo a Presidencia do Alcalde en funcións, Don Antonio Lagares Pérez, e con asistencia doutros membros da Corporación Municipal, tivo lugar na Sala Capitular do Concello a presentación dunha publicación sobre a vida e obra de Don Ramón Otero Pedrayo, que recolle diversos traballos seus publicados en e sobre Betanzos. O autor desta publicación é Don Xesús Torres Regueiro e a mesma enmárcase dentro dos actos da Semana das Letras Galegas, organizados polo Concello.

*7-8 de maio de 1988*

Nestes días celebrouse en Betanzos a "III Festa do viño de Betanzos". Entre outros actos destacou a colocación ás 12 do primeiro día do tradicional ramo de loureiro por parte dos cosecheiros co que empezou a venderse o viño e a caña. Pola tarde na Aula de Cultura de Caixa Galicia houbo un acto de recepción ás autoridades, entre quenes estaban, o Alcalde da cidade, Don Manuel Lagares Pérez, o Presidente da Deputación Provincial, Don José Manuel Romay Beccaría, o Delegado Provincial da Consellería de Industria, Don Antonio Roncero etc. As 6 tivo lugar o pregón por parte de Don Felipe Senén, director do Museo Arqueolóxico de San Antón da Coruña. Acto seguido inauguráronse diversas mostras paralelas: concurso de escaparates, concurso de tortillas en colaboración coas Amas de Casa, mostra de debuxos do coruñés Xosé Ramón, de maquinaria agrícola na Praza García Ir-máns, de artesanía no claustro do Hospital de San Antonio, proxección de vídeos, ...

Comercializáronse 8000 litros de viño nas 16 casetas instaladas. Don Tomás López Loureda e Don Antonio Faraldo Gómez obtiveron os primeiros premios nas especialidades de viño blanco e tinto, respectivamente.

*16 de maio de 1988*

Membros da Garda Civil desactivaron nestes días unha bomba no chalé do ex-director de SIDE-GASA, Don Oswaldo Suárez, sito en Requián (Concello de Betanzos). A colocación da bomba foi reivindicada polo Exército Guerrilleiro do Povo Galego Ceibe.



22 de maio de 1988


Despois de vencer ó Fisterra no seu campo por 1-6, o BRIGANTIUM C.F. sube á terceira división. Había 20 anos que perdera esa categoría. Fisterra estaba "ocupada" polos numerosos betanceiros que acompañaron ó equipo. Aquela noite na Praza do Campo unhas 2000 persoas vitorearon ó equipo. O día 26, equipo e directiva (o presidente e Don Francisco Casal Espiñeira) foron recibidos na Sala Capitular do Concello polo Alcalde da cidade, Don Manuel Lagares Pérez, o Delegado de Urbanismo e Deputado Provincial, Don Antonio Lagares Pérez, o Delegado de Cultura e Deportes, Don Francisco Díaz Pereira e outros concelleiros quenes os animaron a que seguiran loitando para lograr que o equipo seguisse cosechando novos triunfos.

O equipo que gañou en Fisterra era este: Tito, Chito, Pampín, Andrés Gómez, Suso, Ricardo (Pablejo, m. 70), Rafa, Couto (Kubala, m. 80), Caco, Andrés Ramos e Chechu.



*Maio de 1988*

O Alcalde , Don Manuel Lagares Pérez, acompañado doutros concelleiros, inaugurou o alumbrado público dos lugares de Infesta, Casas Novas e A Peada.



*26 de maio de 1988*

O Alcalde da cidade, Don Manuel Lagares Pérez, acompañado por varios membros da Corporación, componentes da Comisión de Nomenclátor e outras persoas, descubriu as

dúas primeiras placas (logo da existente na PRAZA DA CONSTITUCION) da nova rotulación de rúas e prazas: RUA DOS FERREIROS, PRAZA DE FERNAN PEREZ DE ANDRADE "O BOO".

*28 de maio de 1988*

Celebrouse na Praza García Irmáns o "III DIA DA MUIÑEIRA" que contou coa participación de máis dun cento de grupos folclóricos, pertencentes a 35 asociacións da provincia. A organización foi da Asociación "Pasiño a Pasiño" en colaboración coa Delegación de Cultura do Concello e encádrase dentro dos actos programados polo Concello con motivo da Semana das Letras Galegas.

*Xuño de 1988*

Pola Comisión de Festas Patronais que preside o Delegado de Festexos do Concello, Don Manuel Justo Vázquez Miguez, convocouse o "1º Concurso Literario Cidade de Betanzos", dotado cun único premio de 125.000 pts.

*Xuño de 1988*

Unha importante mancha negra de fuelóleo, procedente ó parecer de Sidegasa, anegou o río Mandeo esta temporda, levando consigo a morte e a destrucción da vida fluvial.

*11 de xuño de 1988*

No Pabellón Polideportivo Municipal celebrouse a "Festa do Deporte", organizada polo Servicio Municipal de Deportes do Concello. Tivo continuación na Praza García Irmáns ó día seguinte con actos e competicións deportivas.



Xuño de 1988

O arquitecto coruñés, Don Arturo de la Osa Jiménez, obtivo o primeiro premio do concurso de ideas convocado polo Concello para a ordenación da unidade de actuación nº 4, que afecta ás Escolas e Asilo García Irmáns. A entrega de premios tivo lugar na Sala Capitular do Concello, coa presencia do Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez e do Delegado de Urbanismo e Deputado Provincial, Don Antonio Lagares Pérez.



23 de xuño de 1988

Tivo lugar na Sala Capitular do Concello a presentación do Anuario Brigantino 1987, nº 10. O acto, presidido polo Alcalde da cidade, Don Manuel Lagares Pérez, contaba coa presencia do Presidente da Deputación Provincial, Don José Manuel Romay Beccaría, o Delegado Provincial de Cultura, Don Alexandre Leis Carlés e membros da Corporación Municipal. A presentación correu a cargo de Don Xosé Ramón Pena, betanceiro de nacemento e recente gañador do IV premio de novela "Xerais" pola súa obra "Para despois do adeus", ambientada en Betanzos.

4 de xullo de 1988

Nun acto, organizado pola "Camara de Comercio Industria y Navegación" na Aula de Cultura, presentouse o segundo libro da serie "Estudios comarcales" dedicado a Betanzos e á súa área de influencia. A publicación, promovida pola dita Cámara, foi realizada por Dona Elena de Uña Alvarez. Na mesa presidencial atopábanse: o Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, Don Antolín Sánchez Presedo, o Alcalde da cidade, Don Manuel Lagares Pérez; o Presidente da Deputación da Coruña, Don José Manuel Romay Beccaría e o Presidente da Cámara de Comercio, Don José Antonio Quiroga y Piñeiro.

No mesmo acto fixose entrega á "Farmacia del Doctor Couceiro", representada por Dona María Luisa Couceiro Seoane, do premio de "Empresas centenarias". Foron moi emotivos os discursos de Don José Manuel Romay Beccaría, de Don Manuel Lagares Pérez e de Don José Antonio Quiroga, quen fixo entrega da



distinción. E bon saber que a historia desta farmacia documéntase xa a finais do s. XVII.

Xullo de 1988

Por parte da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña, douse conta á Delegación de Cultura do Concello da aprobación do proxecto presentado polo Concello, relativo a rehabilita-lo Convento de Santo Domingo para centro cultural e o antigo Arquivo do Reino de Galicia para Casa Consistorial.

Xullo de 1988

Según informou o Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas ó Alcalde da cidade, concedeuse a Betanzos por parte desa Consellería dúas subvencións de 10 millóns cada unha, que irán destinadas á rehabilitación do Paseo da Alameda e do entorno do Edificio Arquivo e para o patio e fachadas interiores do Convento de Santo Domingo. Estas subvencións están encadradas dentro do programa para mellora-la calidad ambiental e o patrimonio histórico da cidade.

Xullo de 1988

Dentro das actividades programadas pola Delegación de Cultura e Deportes do Concello, cabe destacar: o Curso Internacional de Artes Gráficas, "Gráfica 88", dirixido por Don Jesús Núñez; o Concurso Internacional de Pintura, "Balconadas 88"; a proxección de cine en distintas zonas de Betanzos; concertos de música co patrocinio da Deputación; actividades deportivas, etc.

Xullo de 1988

No I Congreso de "As Mariñas Betanceiras" do P.S. de G.-PSOE, resultou reelexido Secretario Xeral da comarca Don Antonio Lagares Pérez, deputado provincial e 1º Tte. de Alcalde do Concello.

Xullo de 1988

Celebrouse na Casa Consistorial a postura das ofertas correspondentes á subasta pública para a adxudicación dos terreos das antigas Escolas e Asilo García Irmáns. Na subasta, que estivo presidida polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, e da que levantou acta o Notario, Don León López, foron adxudicados estes terreos a Forjados Rivera S.L. na cantidade de 208.900.000 pts.



16 de xullo de 1988

Baixo a presidencia do Alcalde en funcións, Don Antonio Lagares Pérez, e con asistencia do Presidente da Deputación Provincial, Don José Manuel Romay Beccaría, o Delegado de Cultura e Deportes do Concello, Don Francisco Díaz Pereira e outras personalidades, foi inaugurada no Centro da Xuventude a mostra "La Tauromaquia" de Goya.



17 de xullo de 1988

156 lenzos foron colgados en numerosos balcóns da cidade con motivo da celebración do concurso de pintura "Balconadas ciudad de Betanzos-88". O acto de inauguración foi presidido polo Alcalde en funcións, Don Antonio Lagares Pérez, contando así mesmo coa presencia do Presidente da Deputación, Don José Manuel Romay Beccaría, o Delegado de Cultura do Concello, Don Francisco Díaz Pereira, o coordinador da mostra, Don Jesús Núñez Fernández e outras personalidades.



A mostra estivo organizada conxuntamente pola galería "Brita Prinz" de Madrid e a Delegación de Cultura do Concello. O primeiro premio dotado con 300.000 pts. foi para a obra "Sonata de Playa" do toledano Guerrero Montalbán. O segundo con 200.000 pts. foi para Soledad Barbadillo de Madrid. Ademáis outorgáronse dous accesos de 100.000 pts. cada un a Francisca Jiménez de Madrid e a Basilio Beltrán de Valladolid. Esperanza León de Madrid e Mil Lubroth de Estados Unidos recibieron sendas becas de estudio de pintura na galería Brita Prinz. Ademais, catro obras recibiron mención honorífica, concretamente as de Teresa Pajares (Madrid), Hermien Van Herp (Holanda), José Luis G. Romero (Madrid) e Ute Kadner (Alemania).

A verdadeira alma deste magnífico proxecto foi o artista betanceiro, afincado en Madrid, Jesús Núñez. Relevantes artistas de todo o mundo (Xapón, Bulgaria, Holanda, Alemania, Arxentina e España) participaron nesta mostra pioneira en Europa.

#### 25 de xullo de 1988

Con motivo do "Día de Galicia" tivo lugar unha recepción no Concello a autoridades e despois a comitiva trasladouse ó cruceiro da Cruz Verde onde se fixo unha ofrenda floral en lembranza de tódolos que traballaron por Galicia.

#### Agosto de 1988

Dous brigantinos, membros da Escola do Club Ciclista "Betanzos", foron seleccionados para participar no Campeonato de España de Ciclismo. En categoría de "cadetes", Agustín Ares Domínguez e na "xovenil", Enrique García Pedreira.

#### Agosto de 1988

O Concello de Betanzos ofreceu un homenaxe á Agrupación Musical "Albéniz" con motivo do seu 60 aniversario. O acto tivo lugar na igrexa de San Francisco onde a dita Agrupación dou un concerto, organizado polo Concello e patrocinado pola Deputación Provincial. Estivo presente o Alcalde da cidade, Don Manuel Lagares Pérez, o Delegado de Cultura, Don Francisco Díaz Pereira e outros concelleiros. O Alcalde fixo entrega ó Presidente da Agrupación dunha placa conmemorativa.



11 de agosto de 1988

*Na Casa Consistorial tivo lugar a presentación do programa de festas patronais "San Roque 88" a cargo do Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, quen estaba acompañado por membros da Corporación Municipal e da Comisión de Festas.*



13 de agosto de 1988

*Pola tardíña tivo lugar na Praza da Constitución o acto de coroamento da Raíña das Festas, S<sup>a</sup> Marián Lagares Fernández, por parte do Alcalde,*

*Don Manuel Lagares Pérez. A continuación, Don José Manuel Romay Beccaría, betanceiro e Presidente da Deputación Provincial, pronunciou o pregón das festas.*



## Pregón das Festas

Querida Reina de las Fiestas y damas de su corte, Ilmo. Sr. Alcalde y Concejales del Excmo. Ayuntamiento de Betanzos, autoridades, visitantes que nos honrais con vuestra presencia, betanceiras y betanceiros.

Me cabe a mi este año, por invitación de nuestro amigo Iito, el Presidente de la Comisión de Fiestas, el honor de hacer el pregón de nuestras fiestas. Y si hacer el pregón de las fiestas de Betanzos es un honor para cualquiera, lo es para mí mucho más como betanceiro, porque nada honra a nadie tanto como el honor que recibe en su propia tierra donde a uno le conocen más y le pueden valorar mejor.

Lo más importante de las fiestas de Betanzos es que son en Betanzos y son de los betanceiros.

Este marco en el que nos encontramos, esta plaza bellísima, nuestras iglesias y conventos, nuestros monumentos civiles, nuestras rúas y sus balconadas, este año especialmente ornamentadas por esta original, variada y llena de belleza obra pictórica, nuestras casas blasonadas, recuerdo de nuestra importancia histórica, nos conforman como una de esas joyas urbanas, debido al genio de nuestros antepasados, con los que España y Galicia se sitúan en la vanguardia de las realizaciones culturales de esa Europa a la que estamos tan unidos y de la que nos sentimos tan orgullosos.

Pero los betanceiros no sólo estamos orgullosos de nuestros antepasados por estas maravillas monumentales y urbanísticas que nos han dejado, sino por el papel que han sabido jugar en la Historia de Galicia y de España y que les hizo acreedores, ya en tiempos de Enrique IV, al título de ciudad y a que en nuestro blasón nuestro pueblo pueda ostentar títulos tan hermosos como los de "MUY NOBLE REAL - nos resistimos al vasallaje de los Andrade y mantuvimos vínculos directos con la Corona - LEAL Y ANTIGUA CIUDAD DE BETANZOS DE LOS CABALLEROS.

Los betanceiros nos sentimos muy orgullosos de nuestro pueblo y yo creo que justamente por lo mismo que los miembros de una familia con grandes servicios a un país y con linajes, sienten el orgullo de haber tenido antepasados ilustres. Y es que Betanzos es también una gran familia; tenemos un tamaño perfecto para disfrutar de las ventajas "urbanas" sin que nuestra vida se deshumanice. Aquí nos conocemos todos, yo podría deciros quienes viven en todas estas casas y lo que es peor, los que vivieron en ellas y ya no están entre nosotros. Todo lo contrario de lo que ocurre en esas grandes ciudades en las que no se conocen ni los que viven en la misma casa. Aquí nos conocemos hasta por la voz -anécdota del teléfono-. Es tan humana nuestra vida que aquí tocan las campanas a agonía cuando uno de nuestros vecinos llega en su enfermedad al peligro de muerte, para que todos pidamos por su salud y luego tocan a muerto para que le encomendemos en nuestras oraciones. Aquí nos vemos en las bodas y en los bautizos, en las fiestas y en los funerales y nos apreciamos y nos queremos y también nos peleamos por encima de cualquier diferencia cultural, económica e ideológica.

Es muy humana la vida en Betanzos. Los que venís de fuera lo podreis ver enseguida. Muchos son los que se quedan entre nosotros y les cuesta dejarnos, y los betanceiros no podemos olvidar nunca nuestro Betanzos.

Pero aunque el número principal de nuestras fiestas es el propio conocimiento de nuestra ciudad y sus gentes hay otros dos números originales de los que os quiero hablar.

El día 16 a las 12 de la noche se eleva desde hace más de cien años, un gigantesco globo de papel, que ideó y realizó a finales del siglo pasado un betanceiro genial que fue Don Claudino Pita. Es una muestra de la inquietud con que siempre en Betanzos, se vivieron los avances de la técnica y de la ciencia. Don Claudino nos dió un ejemplo de como el hombre es en verdad como los animales, un ser de instintos, pero que los instintos de los hombres son instintos de superación y no de repetición como los de los animales. Y Don Claudino empezó con globos pequeños y se fue superando hasta conseguir el más grande que le permitieron hacer la altura de nuestras torres, de las que los tenía que colgar para poder inflarlos.



La elevación del globo es un espectáculo único. Por algo convoca año tras año miles y miles de personas, unas que no se cansan de verlo, otras a las que asombra su novedad. Y es que el globo, queridos amigos, es un espectáculo de gran belleza pero sobre todo de gran emoción y al ser humano le gustan las emociones (los goles, los pases toreros, las carreras de velocidad, las pruebas atléticas). Y es emocionante la elevación del globo porque es una operación muy difícil y muy arriesgada. Todos los años pasa por momentos comprometidos y por situaciones difíciles. Sólo la pericia de la familia Pita y de los amigos que les ayudan consigue superar -casi siempre, porque alguna vez los elementos pueden más que los hombres, y de ahí el riesgo y la emoción, esos obstáculos, controlar las situaciones difíciles y darnos a todos la alegría de ver a nuestro globo elevarse majestuoso y llevar el recuerdo de los hechos más notorios de la vida del pueblo en clave de arte y de humor a nuestros antepasados que están en Nuestra Señora y en las bóvedas del firmamento.

El otro gran número de nuestras fiestas es la gira a los Canerios. Se trata también de una fiesta muy original; la única quizás en la que se pasea en barca y se merienda en barca disfrutando a un tiempo de un paisaje incomparable, de las tortillas y de las empanadas, de nuestros vinos, ese vino "leido e xalquereteiro como unha muñeira", como lo llamó el inolvidable Cunqueiro y sobre todo de la compañía de familiares y amigos.

A los que no conoceis el espectáculo del globo o la excursión a los Caneiros yo os aconsejo que no los perdais; los que los conoceis ya no necesitais ningún consejo.

Y ya voy a terminar, queridos amigos: las fiestas no son una concesión caprichosa al ocio y a la diversión, son necesidad y ofrenda.

Desde la antigüedad se han ligado esos dos aspectos. Platón lo explica muy bien en un pasaje bellísimo: "Pero los dioses, compadeciéndose del género humano nacido para el trabajo, establecieron para los hombres festivales divinos periódicos para alivio de sus fatigas, y les dieron como compañeros en esas fiestas a las Musas y a Apolo, que las preside, y a Dionisos para que, nutriendose del trato festivo con los dioses, mantengan la rectitud y sean equitativos".

Siempre han andado los dioses y las vírgenes y los santos mezclados con las fiestas. Y es que las fiestas en todo lo que tienen de concesión a nuestros instintos y a nuestras pasiones -dentro de un orden- no sólo no son malas sino que son buenas. Dios se complace, estoy seguro, cuando somos generosos y solidarios y sabemos sacrificarnos por los demás, pero también, yo al menos así lo creo, cuando nos realizamos como seres humanos en el disfrute de los bienes que El nos ha puesto al alcance, en la amistad y en el amor.

Y para terminar de verdad os voy a contar un cuento. Erase una vez un ermitaño que vivía...

Que todos vosotros veáis estos días muchas estrellas, sin olvidaros de aquellos hermanos nuestros que nos han dejado para siempre o que por la emigración, la lejanía o la enfermedad no pueden estar con nosotros pero a los que llevamos en nuestro corazón.

José Manuel Romay Beccaría



15 de agosto de 1988

*Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das Festas, Sra Isabel Cagiao Roel, realizado polo Alcalde da*

*cidade, Don Manuel Lagares Pérez. A continuación o rapaz betanceiro, Francisco Couceiro Faraldo, leu o pregón infantil.*

### **Función do voto (16 de agosto)**

### **Invocación do Alcalde a San Roque, Patrón da cidade**

Señor San Roque:

Un ano máis comparezo ante Ti, en nome de tódolos betanceiros, para dar cumprimento a unha mostra de xenerosidade e agradecemento que, dende 1416 che adica o pobo de Betanzos, en consideración á axuda e ó auxilio que nos prestaches con motivo da peste que naqueles momentos nos invadía, e que, gracias á túa intercesión, conquerimos alonxar.

Betanzos é un pobo que sabe ofrecer a quen lle demostrou a súa axuda desinteresada, cariño, estima e ilusión. E de forma ilusionada preséntome de novo aquí para que saibas que nos gustaría que estas festas sexan un novo xermen que sirva para estreitar os vínculos de irmandade entre tódolos cidadáns betanceiros, galegos e doutras comunidades, que sexan as festas da solidaridade e do encontro agarimoso e feliz que preparen a chegada de novos tempos cheos de paz e prosperidade.

Para que isto se cumpra, é necesario a túa mediación para que protexas e satisfagas as necesidades más imprescindibles de todos aqueles que o necesitan: dos marxinados, para que poidan superar os motivos que os teñen alonxados da convivencia habitual;



dos enfermos, para que superen as doenzas e penalidades que os embargan; dos parados, para que encontren esa oportunidade que lles permita enfocar con dignidade humán a vida particular e familiar; dos anciáns, para que continúen a recibir as atencións e coidados que merecen; dos mozos, para que atopen o camiño que precisan ... e a de todos aqueles betanceiros necesitados que tanto agardamos da túa influencia e do teu cariño.

Pídoch igualmente que orientes e ilumines a tódolos gobernantes para que tomemos as determinacións e medidas más necesarias, coa finalidade de que as peticións que che presento poidan concretarse e facerse realidade.

Coñecendo a túa bondade e a túa demostrada protección, sei que nos auxiliarás e mediárás para que poidamos superarnos e convivir irmanadamente, polo que che transmito como Alcalde de tódolos betanceiros o máis profundo recoñecemento.

Moitas gracias

Manuel Lagares Pérez




*16 de agosto de 1988*

O acto más destacado do principal día das festas, como é tradicional, foi o lanzamento, desde a torre de Santo Domingo ás 12 da noite, do Globo de papel más grande do mundo que desde hai 113 anos ven sendo construído pola Familia Pita.

*17 de agosto de 1988*

Un incendio ocurrido na madrugada deste día provocou o derrubamento de parte da ala sur do Hospital de San Antonio, sito na Praza García Irmáns.



*Agosto de 1988*

Dentro do programa de festas, tivo lugar, por primeira vez, a elección dos "garelos do ano" que más se destacaron no campo das letras, o deporte e a industria. Por esta mesma orde resultaron electos: Don José Antonio Miguez Rodríguez, por diversas publicacións literarias; o Brigantium C.F. polo seu ascenso a Terceira División, e o concesionario "Ventosa-Citroen" polas distincións conseguidas a nivel nacional na atención ó cliente. A entrega dos premios realizouna o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, durante a cea organizada en honra da Raíña das Festas no salón "Rey Brigo".

*18 e 25 de agosto de 1988*

Nestes dous días tiveron lugar as tradicionais xiras fluviais ós Caneiros. Na primeira desapareceu, nas augas cando se voltaba, un mozo que perdeu a vida.



*Agosto de 1988*


*O Club Náutico "Ría de Betanzos" gañou a "XI Regata internacional Príncipe de Asturias" que tivo lugar en Galicia.*

*Setembro de 1988*

*Faleceu o único home centenario de Betanzos, vítima dunha trombose cerebral. Era Don Vicente Rey Datorre, quen fora homenaxeado o pasado ano polo Alcalde e demais membros da Corporación Municipal.*

*3 de setembro de 1988*

*O Concello de Betanzos, co seu Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, ó frente, rendeu un homenaxe na Sala Capitular ó artista brigantino Don Jesús Núñez Fernández, director da galería de arte madrileña "Brita Prinz" e director así mesmo dos cursos internacionais de Gráfica que, desde 1985, se veñen celebrando na nosa cidade. O Alcalde entregoulle unha placa conmemorativa en recoñecemento á súa labour cultural en Betanzos. Desde o Anuario Brigantino sumámonos a este merecido homenaxe.*





18 de outubro de 1988

Cumpriu 100 anos a avoa de Betanzos, D<sup>a</sup> María Xoana Rosende López. Por tal motivo o Alcalde da cidade, Don Manuel Lagares Pérez, e outros membros da Corporación Municipal, trasladáronse ó seu domicilio para facerlle entrega dunha placa conmemorativa.

Setembro de 1988

Durante a última semana deste mes comenzaron en Betanzos 13 cursos de formación ocupacional de distintas especialidades, organizados polo Concello en colaboración co INEM. A estes cursos asistiron unhas 200 persoas en situación de desempleo laboral.

29 de setembro de 1988

Visitou a cidade o Director Xeral de Servicios Sociais da Xunta de Galicia, Don Delfín Fernández, en compañía doutros altos cargos da Consellería de Traballo. Foron recibidos polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, e outros membros da Corporación. Tratouse sobre a posibilidade de creación dun centro ocupacional de minusválidos psíquicos en Betanzos.

Setembro de 1988

O pianista coruñés Don Rafael Sebastiá ofreceu un concerto na igrexa de Santiago cun grande éxito. Foi organizado pola Delegación de Cultura do Concello e patrocinado pola Deputación Provincial.

Outubro de 1988

Betanzos foi sede do I Campeonato Interautonómico de Badminton "Objetivo 92", de TVE, no Pabellón Polideportivo Municipal. Os participantes neste campeonato foron recibidos na Sala Capitular do Concello polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, e polo Delegado de Cultura e Deportes, Don Francisco Díaz Pereira.

Outubro de 1988

O Concello aprobou un proxecto de reforma do alumbrado público das rúas de Saavedra Meneses, Nosa Señora do Camiño e Mandeu, a proposta do Delegado de Urbanismo e Medio Ambiente, Don Antonio Lagares Pérez.

21 de outubro de 1988

Na Sala Capitular do Concello presentouse públicamente un anteproxecto, procedente da Consellería de Ordenación do Territorio, de construción dun aparcamento subterráneo e unha

estación de autobuses, así mesmo subterránea, na Praza García Irmáns. No acto, presidido polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, estivo presente, entre outras personalidades, o Director Xeral de Territorio, Urbanismo e Calidade Ambiental, Don Valentín Souto García. De tódolos xeitos, e debido a que a poboación de Betanzos non estaba de acordo con este anteproxecto, a Alcaldía, facéndose eco do sentir cidadán, determinou retiralo e ofrecer á COTOP outros terreos para a súa ubicación.



#### Outubro de 1988

O Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez e os Delegados de Cultura e Deportes, Benestar Social, Área Económica e Patrimonio, recibiron na Sala Capitular do Concello ós deportistas e clubes máis destacados da temporda, entre os que se atopaban: o Club de Tenis "Salgueiro", "O Trasno" e o ciclista José Rey.

#### Outubro de 1988

Actuou na igrexa de S. Francisco a Orquesta de Câmara de Friburgo, dirixida por Christian Florea. Este concerto foi organizado pola Delegación de Cultura do Concello e patrocinado pola Deputación Provincial. Encadrouse dentro do ciclo de concertos de outono e contou con numeroso público.

#### Outubro de 1988

O brigantino Don Antonio Fraga Mandián foi designado, por resolución do Consello Xeral do Poder Xudicial, para desempeñar a praza titular do Xulgado de 1<sup>ª</sup> Instancia e Instrucción de Vilagarcía de Arousa.

#### Outubro de 1988

O Alcalde da cidade, Don Manuel Lagares Pérez, foi nomeado Coordenador Xeral do P.S. de G.-PSOE da provincia da Coruña, por parte do Comité Nacional do dito partido.

#### Outubro de 1988

O Alcalde de Betanzos anunciou a adxudicación, á empresa coruñesa "Construcciones Fontenla", das obras da 2<sup>a</sup> fase das vivendas sociais da Condesa por un presuposto total de 204.637.713 pts.

#### 11-12 de novembro de 1988

Nos Institutos de F.P. e B.U.P. tivo lugar o "I Congreso de Ensinantes de Ciencias de Galicia", baixo a organización de ENCIGA e co patrocinio da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Concello de Betanzos e Deputación Provincial.

*15 de novembro de 1988*

*Neste día douse sepultura a Don Segundo Ares García. Era este home dono e director da Imprenta Lugami, na que se ven facendo o Anuario Brigantino ininterrumpidamente desde 1981. A el débese unha visión futurista da empresa, convertindo-a non só na máis importante de Betanzos no seu xénero, senón nunha das máis significadas de Galicia. Nela fanse tamén os diversos números do boletín do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos, o boletín Unia, os programas de festas desta e outras localidades e un sinfín de libros, folletos e demás publicacións para toda Galicia. Tódolos que facemos o Anuario Brigantino sentimos profundamente esta desgracia, porque nos unía a el, ademais do feito profesional, unha profunda amistade...*



*Decembro de 1988*

*Por parte dos técnicos municipais da área de Arquitectura iniciáronse os estudos pertinentes para a construcción dun novo campo de fútbol que incluirá unha maqueta para a exposición pública do proxecto definitivo. Poidera ser realidade en 1989-90.*



*Decembro de 1988*

*O Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez, foi elexido Presidente da Federación de Concellos Galegos, integrada por un cento deles de diversas ideoloxías políticas. Segundo propias manifestacións, Don Manuel Lagares intentará atopar solucións ós problemas dos concellos diante das demais administracións públicas.*

*12-16 de decembro de 1988*

Empezou o segundo ciclo de conferencias, organizado polo Instituto de Estudios Galegos "Padre Sarmiento", baixo o título: "Aspectos varios do pasado brigantino". Celebráronse na Aula de Cultura de Caixa Galicia. A primeira correu a cargo do profesor de Anatomía e Historia da Medicina da Universidade de Santiago, Don José Carro Otero e máis do médico betanceiro, Don Carlos Fernández Fernández sobre o "Hospital de lazarus da Madanela en Betanzos e a existencia de leprosos en Galicia até o s.XIX".

O 13 disertou o xeomorfólogo, Don Augusto Pérez Alberti sobre "A comarca das Mariñas dende o punto de vista xeográfico".

O 16 cerrou o ciclo o catedrático de Antropoloxía, Don José Antonio Fernández de Rota i Monter quen falou de "Aspectos etnográficos varios de Betanzos e a súa bisbarra".

*14 de decembro de 1988*

Este día houbo unha folga xeral, convocada polos sindicatos máis importantes de toda España, seguida masivamente, tamén na nosa cidade, sen que houbera ningunha incidencia destacable de orde público.



*Decembro de 1988*

Nun acto celebrado na Sala Capitular do Concello, o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez; o Delegado de Cultura, Don Francisco Díaz Pereira; a Delegada de Benestar Social, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Asunción Sánchez Vázquez e o Delegado de Obras, Don José Domínguez Rivas, fixeron entrega dos premios ás gañadoras do concurso infantil de carteis navideños, convocado pola Delegación de Cultura do Concello. Foron: M<sup>a</sup> Elena Couto Sánchez e Karina Paula Díaz Arluna. Así mesmo fixeronse obsequios a tódolos participantes.

*21-23 de decembro de 1988*

Subvencionados pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, o Concello de Betanzos e a Asociación de Titiriteiros Galegos, celebráronse durante os días 21, 22 e 23 de decembro os "IV ENCONTROS DOS TITIRITEIROS GALEGOS", que este ano tiveron como marco a cidade de Betanzos.

Durante estes tres días houbo unha programación na que participaron tódolos grupos galegos que estrenaron producción durante o ano 1988, así como o grupo invitado "Etcétera". Dentro desta programación estrenouse un espectáculo de rúa e tres de saa; en total participaron nove grupos en saa e dous de rúa o que supuxo a representación de catro espectáculos diarios.

Dentro da programación abriuse no Edificio Arquivo unha exposición que mostraba distintos traballos realizados polos grupos en montaxes anteriores e que foron cedidos á Asociación de Titiriteiros Galegos para que poideran ser expostos nestes Encontros. Expuxéronse, así mesmo, marionetas do titiriteiro Amador Vallina, que coa súa colaboración ampliou e enriqueceu a exposición cun total de vintedúas marionetas.

Paralelamente a estas actividades, celebráronse unhas Aulas-Debate que se abriron coa lectura das conclusóns do "1º Encontro de Teatro Profesional" e nas que se tratou de abordar a problemática do títere en Galicia, intentando sacar conclusóns que clarifícarán a situación dos grupos de títeres e da Administración.



*Intentouse, así mesmo, a creación dunha comisión de seguimento dos espectáculos formada por Xosé Lugaro, Xoana Balado e Gonzalo Rodríguez.*

*Para a infraestructura urbana e o mantemento técnico contouse coa colaboración do Servicio Municipal de Obras do Concello, a Policía Municipal de Betanzos e a Consellería de Cultura.*

*Decembro de 1988*

*A cidade de Betanzos foi agraciada co cuarto premio da tradicional Lotería do Nadal. O nº 39957 foi vendido na administración nº 1 por Dª Carmen Mª Fernández.*

*Decembro de 1988*

*O Concello editou unha guía da cidade con numerosos datos de todo tipo e un plano do casco histórico-artístico.*

*27 de decembro de 1988*

*Un incendio destruiu totalmente o teito da popular pista de baile "Rey Brigo", quedando inutilizada para a súa función.*